




Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MGB	Documento 1051811DJW	
Código de verificación  5A09 1H02 0H5P 1005 0XOB	Expediente 105/2024/6701	
	Fecha 13-12-2024	

Asunto ACTO de TRÁMITE do órgano instrutor: Formulación da proposta de resolución definitiva segundo a Base 13.2 das Bases reguladoras da convocatoria extraordinaria de axudas de BONO-TAXI do ano 2024.-	Interesado Persoas solicitantes de axudas da convocatoria extraordinaria de BONO-TAXI do ano 2024.-
---	--

ANUNCIO do ACTO de TRÁMITE

ACTO de TRÁMITE do órgano instrutor de FORMULACIÓN da PROPOSTA de resolución DEFINITIVA e APERTURA do prazo de presentación de ALEGACIÓNS, segundo a Base 13.2 das BBRR Axudas Bono-Taxi do EXERCICIO 2024 (convocatoria extraordinaria)

Trámite de PRESENTACIÓN de ALEGACIÓNS en relación cas AXUDAS PROPOSTAS de BONO-TAXI do ano 2024, que obxecto desta proposta DEFINITIVA de concesión de denegación (NON concesión).-

I.- Antecedentes e proceso de instrución do procedemento de concesión destas axudas:

Por delegación da Xunta de Goberno Local, a Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade (en adiante, órgano competente), o pasado día 03/10/2024, aproba a Resolución núm RES/AYTO/18440/2024 pola que se aproba a convocatoria extraordinaria de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Bono-Taxi) para o ano 2024.

No BOP da Coruña nº 195, de data 09/10/2024 publicouse o anuncio do extracto do antedito acordo do órgano competente.

Dita convocatoria está identificada na Base de Datos Nacional de Subvenciones ca seguinte identificación: BDNS (Identif.): 788947.

II.- Contido do Anuncio: PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA de concesión das axudas formulada polo órgano instrutor:

O órgano instrutor adoptou os seguintes acordos en relación ao acto de trámite deste procedemento de concesión de axudas, de formulación de proposta de resolución definitiva, do día 13/12/2024 que consta no expediente.

PROPOSTA de RESOLUCIÓN DEFINITIVA do órgano instrutor AXUDA de BONO-TAXI do exercicio 2024 (convocatoria extraordinaria)

PRIMEIRO.- FORMULAR a PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA da convocatoria extraordinaria específica de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade no exercicio 2024 aprobada pola Resolución nº RES/AYT/18440/2024, do día 03/10/2024, da Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade pola que se aprobou a convocatoria extraordinaria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Axudas Bono-Taxi) e as súas bases reguladoras, cuxo extracto foi publicado no BOP da Coruña nº 195, do día 09/10/2024, e identificada na Base de Datos Nacional de Subvenciones ca seguinte referencia: BDNS (Identif.): 788947; segundo o contido e motivación que de forma individualizada por cada solicitude, persoa solicitante e expediente, se detallan nas filas das táboa/listaxes que se inxiren nos Anexos que se achegan a esta proposta de resolución provisional, formando parte da mesma a tódolos efectos;



Concello da Coruña

sendo ADMITIDAS a trámite todas as SOLICITUDES presentadas, resultando, polo tanto, ningunha delas inadmitidas;

As ditas táboas/listaxes de persoas solicitantes, solicitudes e expedientes, constan no expediente de referencia, coa seguinte identificación:

— *Detalle dos Anexos desta proposta de resolución definitiva:*

- Anexo de Versión completa de uso exclusivo INTERNO: Versión NON publicable.
 Fecha do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA do órgano instrutor: 13/12/2024
 Código de Verificación Segura (CVS): 2L28 1P20 3B48 0X50 025J
- Anexo de Versión anonimizada de uso PUBLICO destinado á publicación de anuncios de notificación colectiva no Taboleiro de Edictos e Anuncios do Concello da Coruña: Versión SI publicable.
 Fecha do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA do órgano instrutor: 13/12/2024
 Código de Verificación Segura (CVS): 3Y6X 6Z19 3W50 6U4W 08KT

— *Detalle das Táboas/Listaxes desta proposta de resolución definitiva:*

- **TÁBOA nº 1:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO do EXAME de requisitos das SOLICITUDES presentadas.-
 — LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES co RESULTADO individualizado do EXAME de CUMPRIMENTO de REQUISITOS.

Na listaxe de resumo de cumprimento de requisitos indícanse, de forma individualizada, o resultado do exame destes requisitos na columna denominada "RESULTADO do EXAME do cumprimento de REQUISITOS", que contén as seguintes columnas, que se corresponden cos requisitos previstos na Base 7 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2024 convocatoria extraordinaria:

Columna da Táboa:	Requisito afectado polo Requirimento de información e/ou documentación: Requisito establecido na Base reguladora que se indica	Referencia BBRR Bono-Taxi 2024
A) Idade	Ser maior de 3 anos.	Base 7.2.a)
B) Residen.	Residir no Concello da Coruña e constar empadroado.	Base 7.2.b)
C) Discapacid.	Ter recoñecida legalmente a condición de persoa con discapacidade mediante resolución (ou documento equivalente) do organismo competente da Xunta de Galicia ou Administración correspondente na que conste que a discapacidade afecta gravemente á mobilidade e impide utilizar os transportes públicos colectivos.	Base 7.2.c)
D) O. Benef.	No caso de que a persoa solicitante se atope en activo, NON ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo. Nin tampouco ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.	Base 7.2.d)
E) Vehículo	Si a persoa é maior de 18 anos, NON constar como titular de vehículo.	Base 7.2.e)
F) Cap. Econ.	NON dispoñer dunha capacidade económica, calculada conforme ao establecido nestas bases, superior ao 210% do IPREM vixente no ano 2024.	Base 7.2.f)
G) Cte. Obrigas	Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.	Base 7.2.g)

- **TÁBOA nº 2:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO da REVISIÓN das SOLICITUDES presentadas.-
 — LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES con RESULTADO individualizado de **PROPOSTA de CONCESIÓN DEFINITIVA.**
- **TÁBOA nº 3:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO da REVISIÓN das SOLICITUDES presentadas.-
 — LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES con RESULTADO individualizado de **PROPOSTA de DENEGACIÓN DEFINITIVA.**



Concello da Coruña

As ditas táboas/listaxes (Táboa nº 1, Táboa nº 2 e Táboa nº 3) constan engadidas no ANEXO desta proposta de resolución definitiva do órgano instrutor, o cal consta no expediente de referencia coa seguinte identificación:

- Anexo de Versión completa de uso exclusivo INTERNO: Versión NON publicable.

Fecha do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA
do órgano instrutor: 13/12/2024
Código de Verificación Segura (CVS): 2L28 1P20 3B48 0X50 025J

SEGUNDO.- PROPOÑER de xeito DEFINITIVO, segundo o contido desta PROPOSTA de resolución DEFINITIVA desta convocatoria extraordinaria de axudas, a **CONCESIÓN destas axudas económicas de Bono-Taxi do exercicio 2024**, segundo constan, de forma individualizada para cada solicitude e persoa solicitante, na seguinte táboa/listaxe:

- TÁBOA nº 2:** INFORME sobre o exame de do cumprimento de requisitos e RESULTADO da REVISIÓN das SOLICITUDES presentadas.-
 - LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES con RESULTADO individualizado de **PROPOSTA de CONCESIÓN DEFINITIVA**.

Nesta listaxe, a columna denominada "PROPOSTA RESULTADO" contén a seguinte sigla que se corresponde co significado do resultado do proceso de revisión, realizado polo órgano instrutor, coa indicación da contía concedida a cada unha das solicitudes concedidas:

RESOLUCIÓN	
RESULTADO: Sentido do resultado da resolución de concesión / denegación da axuda económica:	
Siglas:	Significado de la sigla del resultado de la resolución del órgano competente
CONC	CONCEDIDA axuda por un importe de 294,00 euros para el exercicio 2024

A dita táboa/listaxe (Táboa nº 2) consta engadida no ANEXO desta proposta de resolución definitiva do órgano instrutor, o cal consta no expediente de referencia coa seguinte identificación:

- Anexo de Versión completa de uso exclusivo INTERNO: Versión NON publicable.

Fecha do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA
do órgano instrutor: 13/12/2024
Código de Verificación Segura (CVS): 2L28 1P20 3B48 0X50 025J

TERCEIRO.- PROPOÑER de xeito DEFINITIVO, segundo o contido desta PROPOSTA de resolución DEFINITIVA desta convocatoria de axudas, a **DENEGACIÓN destas axudas económicas de Bono-Taxi do exercicio 2024**, segundo constan, de forma individualizada para cada solicitude e persoa solicitante, na seguinte táboa/listaxe:

- TÁBOA nº 3:** INFORME sobre o exame do cumprimento de requisitos e RESULTADO da REVISIÓN das SOLICITUDES presentadas.-
 - LISTAXE de Relación de persoas SOLICITANTES con RESULTADO individualizado de **PROPOSTA de DENEGACIÓN DEFINITIVA**.

Nesta listaxe, a columna denominada "PROPOSTA RESULTADO" contén as seguintes siglas que se corresponden co significado do resultado do proceso de revisión, coa indicación dos motivos de denegación de cada unha das solicitudes denegadas:

RESOLUCIÓN	
RESULTADO: Sentido do resultado da resolución de concesión / denegación da axuda económica:	
Siglas:	Significado de la sigla del resultado de la resolución del órgano competente
DENEGADA	Axuda DENEGADA (NON CONCEDIDA)
MOTIVO	CAUSA da Denegación
DENG 1	DENEGADA: 01 - Non acreditar que a discapacidade afecte á mobilidade
DENG 2	DENEGADA: 02 - A persoa solicitante consta como titular do vehículo
DENG 3	DENEGADA: 03 - Supera o límite de ingresos (capacidade económica > 210% IPREM 2022)
DENG 4	DENEGADA: 04 - A persoa solicitante NON reside no municipio da Coruña
DENG 5	DENEGADA: 05 - Presentación da solicitude fora do prazo previsto



Concello da Coruña

DENG 6	DENEGADA: 06 - NON presentación de documentación obrigatoria
DENG 7	DENEGADA: 07 - NON Cumprimento de obrigas previstas na Base 7.4.g) das BBRR
DENG 10	DENEGADA: 10 - Varios/as motivos/causas: Segundo o detalle das columnas
DESES	DESISTIMIENTO INDIVIDUAL da solicitude
RENUN	RENUNCIA á axuda concedida proposta
INADM	Solicitude INADMITIDA por incumprimento de requisitos ou outras causas previstas de inadmisión
FPRZ	Solicitude PRESENTADA FORA DE PRAZO

A dita táboa/listaxe (Táboa nº 3) consta engadida no ANEXO desta proposta de resolución definitiva do órgano instrutor, o cal consta no expediente de referencia coa seguinte identificación:

- Anexo de Versión completa de uso exclusivo INTERNO: Versión NON publicable.

Fecha do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA

do órgano instrutor: 13/12/2024

Código de Verificación Segura (CVS): 2L28 1P2O 3B48 0X50 025J

CUARTO.- REQUIRELLES ás persoas solicitantes propostas como BENEFICIARIAS para as que se propón a concesión da axuda/subvención que consta na listaxe que se indica no apartado Segundo.- anterior, de acordo co establecido na Base 13.1 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2024 convocatoria extraordinaria e no artigo 24.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para que COMUNIQUEN a súa ACEPTACIÓN ou RENUNCIA á axuda ao órgano instrutor, no PRAZO MÁXIMO e IMPRORRIGABLE de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día hábil seguinte á data da publicación do ANUNCIO que se indica no apartado Sexto.- seguinte, tendo en conta que, no caso de que transcorra este prazo sen producirse a aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

O dito prazo de comunicación iniciarase a partir do día seguinte hábil da data de publicación do ANUNCIO público desta proposta de resolución definitiva, e das LISTAXES das persoas solicitantes interesadas que incorporará o dito anuncio, ao que se fai referencia no apartado Sexto.- seguinte, na súa versión publicable, tralo proceso de anonimización de datos de carácter persoal.

QUINTO.- ADVERTIRLLES ás persoas interesadas solicitantes que, de acordo co establecido na Base 13.4 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2024 convocatoria extraordinaria, en relación co artigo 24.6 da Lei 38/2003, anteriormente mencionada, esta PROPOSTA DE RESOLUCION DEFINITIVA non crea dereito algún a favor das persoas beneficiarias propostas, fronte á Administración, mentres non se lle notifique a resolución de concesión do órgano competente.

SEXTO.- O órgano instrutor desta convocatoria de axudas aprobará e publicará, de inmediato, un ANUNCIO público no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello da Coruña, co contido dispositivo deste acto de trámite de formulación da proposta de resolución definitiva, xunto coas LISTAXES de persoas SOLICITANTES interesadas (Táboa nº 1, Táboa nº 2 e Táboa nº 3), na súa versión externa publicable (anonimizada), coa indicación detallada e de forma individualizada para cada solicitude e persoa solicitante, da seguinte información:

- o RESULTADO do EXAME de cumprimento de requisitos e REVISIÓN das SOLICITUDES presentadas, para o coñecemento das persoas solicitantes interesadas destas axudas.
- A identificación das solicitudes que son propostas para a súa CONCESIÓN (con indicación da contía concedida), e
- A identificación das solicitudes que son propostas para a súa DENEGACIÓN (con expresión dos seus motivos).

A dita táboa/listaxe (Táboa nº 1, Táboa nº 2 e Táboa nº 3) constará engadida no ANEXO deste ANUNCIO público da proposta de resolución definitiva do órgano instrutor, o cal consta no expediente de referencia coa seguinte identificación:

- Anexo de Versión anonimizada de uso PÚBLICO destinado á publicación de anuncios de notificación colectiva no Taboleiro de Edictos e Anuncios do Concello da Coruña: Versión SI publicable.



Concello da Coruña

Data do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA
do órgano instrutor: 13/12/2024
Código de Verificación Segura (CVS): 3Y6X 6Z19 3W50 6U4W 08KT

En concordancia co establecido nas Bases 13.1 e 13.2 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2024 convocatoria extraordinaria, en relación á notificación dos trámites do órgano instrutor previstos nestas bases, a NOTIFICACIÓN colectiva do contido desta PROPOSTA de resolución DEFINITIVA ás persoas solicitantes interesadas, á que se refiren os apartados Primeiro.-, Segundo.-, Terceiro.- e Cuarto.- anteriores, realizarase mediante a publicación deste ANUNCIO público nos lugares de difusión que se indican de seguido, coa finalidade de facilitar que a dita información sexa de coñecemento da cidadanía en xeral e, en particular, das persoas solicitantes interesadas:

- No Taboleiro de Anuncios e Edictos da sede electrónica do Concello de A Coruña, no seguinte enderezo electrónico:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>.
- Na páxina WEB municipal dos servizos sociais municipais, no seguinte enderezo electrónico:
<https://www.coruna.gal/serviciosociales/es>.

De xeito adicional trasládase esta información e documentación aos centros cívicos municipais e ao servizo responsable da atención telefónica corporativa a través do teléfono 010 para facilitar o seu coñecemento polas persoas interesadas solicitantes.

A publicación deste anuncio terá o carácter de notificación colectiva, aos efectos do previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións."

En virtude do establecido na Base 13.4 das BBRR Axudas Bono-Taxi 2024, se informa ás persoas solicitantes interesadas de que esta proposta de resolución definitiva NON crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á Administración municipal, mentres que non se lle notifique a resolución da concesión polo órgano competente.

III.- Contido do Anuncio: Listados que se achegan á Proposta de Resolución DEFINITIVA de concesión das axudas:

Tendo en conta o acordado e disposto por este resolución de concesión de axudas económicas:

- **LISTAXE DEFINITIVA de CONCESIÓN das axudas elaborado polo órgano instrutor:**

1º De acordo co previsto no apartado Primeiro.-, Segundo.- e Terceiro.- desta PROPSOTA resolución DEFINITIVA do órgano instrutor en relación á concesión desta axudas;

Achégase a este ANUNCIO de notificación colectiva a LISTAXE de persoas SOLICITANTES de axudas de BONO-TAXI do ano 2024convocatoria extraordinaria[Versión EXTERNA SI Publicable], elaborado polo órgano instrutor, para o coñecemento polas persoas solicitantes, coa información sobre o resultado da revisión das súas solicitudes presentadas por ditas persoas, relacionadas nas filas de dito listaxe, de forma individualizada para cada solicitude e persoa beneficiaria.

- Identificación desta LISTAXE elaborado polo órgano instrutor, que consta no expediente de referencia:
- Anexo de Versión anonimizada de uso PUBLICO destinado á publicación de anuncios de notificación colectiva no Taboleiro de Edictos e Anuncios do Concello da Coruña: Versión SI publicable.

Fecha do Anexo desta PROPOSTA de Resolución DEFINITIVA
do órgano instrutor: 13/12/2024
Código de Verificación Segura (CVS): 3Y6X 6Z19 3W50 6U4W 08KT



Concello da Coruña

Nas columnas desta LISTAXE de persoas SOLICITANTES de axudas de BONO-TAXI do ano 2024 (convocatoria extraordinaria), relaciónanse por filas, en relación a cada unha das solicitudes presentadas e os seus respectivos expedientes, que se indica nos apartados do indicado acto de trámite do órgano instrutor.

De forma adicional se traslada esta información e dita listaxe aos centros cívicos e ao servizo responsable da atención telefónica corporativa a través do teléfono 010 para facilitar o seu coñecemento polas persoas interesadas solicitantes.

IV.- Información adicional sobre o contido do Anuncio:

INFORMACIÓN ACLARATORIA sobre a consulta do contido da LISTAXE elaborada polo órgano instrutor, sobre o contido da indicada PROPOSTA de RESOLUCIÓN DEFINITIVA do órgano instrutor das SOLICITUDES presentadas de axuda de BONO-TAXI para o ano 2024 (convocatoria extraordinaria), en relación co cumprimento de requisitos e achega de documentación obrigatoria.- (en adiante, LISTAXE da PROPOSTA DEFINITIVA):

+++++
Pode consultar o contido deste requirimento de información e/ou documentación nos seguintes lugares e enderezos:

- Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña:
<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argIdioma=gl>

De forma telefonica nos seguintes teléfonos e horarios:

- Teléfono de Atención Cidadá 010, no horario de 08:00 á 20:30 horas, de luns a venres e de 09:00 á 14:00 horas os sábados.
- Horario de mañá e tarde, de luns a venres, de 09:00 á 14:00 horas e de 16:00 á 20:30 horas, nos teléfonos dos centros cívicos: 981 189 885 (Cidade Vella), 981 184 372 (Monte Alto), 981 184 360 (Labañou), 981 184 350 (Rosales), 981 184 358 (Elviña), 981 184 362 (Palavea), 981 184 364 (Mallos), 981 189 884 (Novoboandanza), 981 184 368 (San Diego), 981 184 354 (Castrillon), 981 189 817 (Monelos) e 981 184 379 (Eiris).

+++++
Para a información telefónica deberá facilitar un número de identificación persoal da persoa solicitante e da persoa que realiza a consulta.

V.- Apertura do prazo de COMUNICACIÓN de ACEPTACIÓN/RENUNCIA á axuda proposta para súa concesión polas persoas propostas como BENEFICIARIAS:

TRÁMITE DE APERTURA DO PRAZO DE COMUNICACIÓN DE ACEPTACIÓN OU RENUNCIA DAS AXUDAS ECONÓMICA PROPOSTAS PARA A SÚA CONCESIÓN

O prazo de presentación da COMUNICACIÓN de ACEPTACIÓN ou renuncia das axudas económicas propostas para a súa concesión pola PROPOSTA de resolución DEFINITIVA do órgano instrutor, **por parte das persoas propostas como BENEFICIARIAS** (por concesión das axudas solicitadas), **será de CINCO (5) días hábiles**, comezando a iniciarse o seu cómputo o día hábil seguinte ao da publicación deste ANUNCIO público no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

- *Período previsto do prazo de presentación da COMUNICACIÓN de ACEPTACIÓN ou renuncia das axudas económicas propostas:*

En función da data prevista ⁽¹⁾ de publicación do presente anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, o prazo de presentación de aceptación/renuncia comprenderá dende o día 16 de decembro de 2024 (16/12/2024) ata o día 20 de decembro de (20/12/2024), ámbolos dous engadidos.



Concello da Coruña

Dentro deste prazo as persoas solicitantes interesadas poderán presentar a COMUNICACIÓN de ACEPTACIÓN ou renuncia das axudas económicas, por escrito, e nos seguintes lugares e formas:

- *De forma presencial:* Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa con CITA PREVIA ⁽²⁾
- *De forma telemática o electrónica:* Na sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para facilitar a presentación por escrito no Rexistro de Entrada desta COMUNICACIÓN de ACEPTACIÓN ou renuncia das axudas económicas, se achega a este anuncio un MODELO de escrito desta comunicación que poderán cumprimentar ás persoas interesadas.

ADVÉRTESE ás persoas SOLICITANTES que constan na LISTAXE da PROPOSTA DEFINITIVA, que esta proposta de resolución DEFINITIVA NON crean dereito algún a favor das persoas beneficiarias propostas, fronte á Administración, mentres non se notificou a resolución da concesión polo órgano competente.

+++++

— **Lugar de presentación da información e/ou documentación requirida:**

A dita información e/ou documentación deberase presentar no **Rexistro de Entrada** do Concello da Coruña, de forma presencial ou telemática:

- Nas oficinas dos Rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa, opcionalmente, con CITA PREVIA ¹
- Na sede electrónica municipal: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

¹ CITA PREVIA: Para presentar a documentación nos rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum e a Franxa hai que solicitar cita previa a través da páxina web municipal <https://citaprevia.coruna.gal/>, Teléfono de Atención Cidadá 010 ou ben no teléfono de servizo automático de cita previa 881 505 101.

+++++

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

*O órgano instructor,
A xefa de Departamento de Servizos Xerais de Benestar
Lorena Aranzazu Abad Carrera*